

Estratexia Piñeiro

Cando a cultura é política

ALFREDO IGLESIAS

A estreita identificación que existía entre o nacionalismo e o galeguismo no período anterior á guerra civil rompeuse durante a longa noite de pedra franquista (1936-1975); ora ben, esa ruptura, alén de que pode estar xustificada pola propia evolución da represión do galeguismo e da oposición ao franquismo en xeral, ten un nome propio: Ramón Piñeiro (1915-1990).

Efectivamente, o autor de Armea, afiliado ás mocidades do Partido Galeguista dende a súa fundación en 1931 e destacado artífice da súa reconstrución no interior na posguerra, foi o responsable do afastamento dos galeguistas que permaneceron no exilio (especialmente de Castelao e do Consello de Galiza), primeiro, e da disolución do partido no interior, despois. Nesta ruptura, ademais, xogou un papel fundamental o desenvolvemento dunha estratexia política peculiar: a promoción dun galeguismo cultural, no que a editorial Galaxia foi unha peza clave, que tiña por obxectivo a galeguización da sociedade galega.

Precisamente a disolución do Partido Galeguista no interior e a aposta pola estratexia culturalista, foron os feitos que provocaron a segunda ruptu-

ra no eido do galeguismo político, definida pola fundación do Consello da Mocidade, primeiro, e do Partido Socialista Galego -nado da esfera galaxiana e piñeirista- e a Unión do Pobo Galego -nada á marxe do galeguismo galaxiano e directamente inspirada na experiencia dos movementos de liberación nacional do Terceiro Mundo-, despois. Evidentemente, a década dos sesenta vai representar o afastamento entre os representantes do galeguismo cultural e as forzas políticas nacionalistas, de clara inspiración marxista e popular; este afastamento será determinante na evolución política

do piñeirismo como estratexia política (cultural). Efectivamente, en 1977, cando tras a morte do ditador a posibilidade dunhas eleccións democráticas se fai posible, Piñeiro vai promover a galeguización das forzas políticas estatais (socialdemócra-

tas -PSOE- e democráticas -forzas agrupadas arredor da UCD-), unha arela que foi cultivando paseniño nos seus miolos dende os anos cincuenta, fronte ao apoio ás forzas políticas nacionalistas, que naquela volta estaban agrupadas arredor da coalición electoral BN-PG-PSG, de inspiración marxista.

Para coñecer a persoa que protagonizou esa evolución do galeguismo ao longo do século XX, Mercedes Queixas Zas vén de publicar unha interesante biografía: Ramón Piñeiro: a expresión cultural dunha estratexia política (Laiovento, 2009), na que podemos achegarnos á vida e a obra deste intelectual e político que fixo da recuperación da dignidade da lingua e da cultura galega unha estratexia política nos tempos en que Atila gobernaba a nosa terra.

QUEIXAS ZAS, Mercedes, Ramón Piñeiro. A expresión cultural dunha estratexia política, Ed. Laiovento, Santiago, 2009, PVP 13 €

